

O pacto en Palestina e a â□□ revoluciÃ³nâ□□ no mundo Ã¡rabe

Descríã§Ã£o

Compre observar con atenciÃ³n os resortes que se traducen do recen constituÃ±do acordo polÃ©tico entre os movementos palestinos Hamas e Al Fatah para alcanzar un goberno de unidade nacional, de cara Ã¡ previsible proclamaciÃ³n dun Estado palestino para setembro prÃ³ximo. Os eidos que contribuÃ±ron a certificar este pacto poden albiscar novos escenarios en Oriente PrÃ³ximo, en particular explicado pola vaga de cambios polÃ©ticos na rexÃ³n.

Trala violenta ruptura de 2007, a Autoridade Nacional Palestina (ANP) definiu unha bicefalia de poder entre Hamas e Al Fatah nos territorios palestinos de Gaza e Cisjordania que, progresivamente, traduciu un illamento exterior para Gaza, moi probablemente propiciado para minar a potencialidade polÃ©tica de Hamas. Por tanto, o sÃ³bito pacto entre ambos movementos acaecido o pasado 26 de abril na localidade exipcia de SanÃ¡ja, explica un inÃ©dito achegamento orientado a potenciar unha ANP institucionalmente preparada para o eventual anuncio de independencia palestina, cuxo recoñecemento internacional supera actualmente con creces o centenar de paÃ­ses membros da ONU.

AlÃ©n dos factores internos que expliquen este pacto de unidade governamental Hamas-Al Fatah, o salientable Ã© a diplomacia exercida polo novo goberno exipcio post-Mubarak, autÃ©ntico actor clave na consecuciÃ³n deste pacto. Nun momento en que Exipto avanza cara a transiciÃ³n polÃ©tica, a sÃ³a diplomacia deu curso a este acordo en Palestina que, moi probablemente, tivo unha especial significaciÃ³n a travÃ©s do papel exercido polo movemento exipcio dos IrmÃ¡ns MusulmÃ¡ns, en especial de cara a sÃ³a eventual influencia sobre Hamas, asÃ³ como o beneplÃ©cito do estamento militar exipcio.

Deste modo, o achegamento entre os IrmÃ¡ns MusulmÃ¡ns e os militares exipcios, dous inimigos irreconciliables durante a era Mubarak, explÃ©case ante a aceptaciÃ³n de ambos actores por moderar a transiciÃ³n exipcia, especialmente ante prÃ³ximas consultas populares como as elecciÃ³ns presidenciais e o referendo de reforma constitucional. Igualmente, o movemento islamita exipcio tenta influÃ±r no seu similar palestino na necesidade de abordar unha reforma do seu programa polÃ©tico, menos radical e mais pragmÃ¡tico.

Neste apartado compre considerar a posible influencia do partido islamita turco AKP, actualmente gobernante en Ankara, manexando unha especie de alianza rexional cos IrmÃ¡ns MusulmÃ¡ns exipcios na tarefa de influÃ±r como baluartes dunha visiÃ³n mais moderada por parte dos movementos islamitas rexionais.

Paralelamente, o novo goberno exipcio anunciou a necesaria apertura do paso fronteirizo de Rafah con Gaza, un aspecto estratexicamente importante porque permite normalizar as relaciÃ³ns entre Hamas e O Cairo, severamente reprimidas polo ex presidente Mubarak e consonancia coa alianza exipcia con Israel. Dentro desta dinÃ¡mica diplomÃ¡tica, Exipto tamÃ©n anunciou a sÃ³a intenciÃ³n de normalizar as relaciÃ³ns con IrÃ¡n, un aspecto xeopolÃ©tico inÃ©dito que pode ser explicado como un vector indirecto dos vertixinosos cambios que actualmente acontecen na rexÃ³n.

Obviamente, o pacto Hamas-Al Fatah con implicaciÃ³n exipcia, asÃ³ como o cambio de visiÃ³n de O Cairo co respecto a TeherÃ¡n, colocan no centro de atenciÃ³n Ã¡ posiciÃ³n israelÃ e estadounidense e as sÃ³as reacciÃ³ns e expectativas sobre o que acontece na rexÃ³n. O goberno dereitista de BenjamÃ¡n Netanyahu reaccionou con dureza ante o pacto palestino, rexeitÃ¡ndoo por consideralo unha especie de â??declaraciÃ³n de guerra contra Israelâ??. Paralelamente, Tel Aviv afianza a sÃ³a expectativa para que Washington manifeste a sÃ³a posiciÃ³n de veto de cara Ã¡ proclamaciÃ³n da independencia palestina.

A presiÃ³n de Netanyahu sobre o presidente da ANP, Mahmud Abbas, de elixir â??entre a paz con Israel ou a paz con Hamasâ??. evidencia a escasa visiÃ³n de apertura israelÃ ante os cambios xeopolÃ©ticos rexionais. Paralelamente, un achegamento entre Exipto e IrÃ¡n, un escenario onde TurquÃ¡ ben puido xogar un papel esencial, a raÃ da sÃ³a influencia xeopolÃ©tica no Cairo e TeherÃ¡n, complicarÃ¡a aos ollos israelÃs os seus intereses rexionais, manifestando un

inédito viraxe da diplomacia exipcia que pode implicar, igualmente, unha reacción aínda por determinar por parte de Washington.

Mentres a guerra civil en Libia, a represión militar en Siria e a inestabilidade en Iemen intensifican os escenarios de conflito na rexión, o acordo en Palestina supón un respiro indirectamente determinado por esta vaga de cambios que acontece no mundo árabe. Resta observar se a aparentemente imperturbable alianza estratéxica entre Israel e EEUU se verá finalmente alterada por esta dinámica de cambios, en especial ante o inesperado viraxe diplomático e xeopolítico causado por tradicionais aliados occidentais na rexión, como son os casos de Exipto e Turquía. E preguntarse tamén se este acordo Hamas-Al Fatah constituirá unha consecuencia da revolución que actualmente ocorre no mundo árabe, ou polo contrario se dilúe nun pacto de mans unidas con poucas perspectivas de consolidación.

Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012

APARTADO TEMÁTICO XEOGRÁFICOS

Oriente Medio ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Data de creación

2 de Maio, 2011

Metacampos

Autoría : 3713

Data publicación : 2011-05-02 00:00:00